



<https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-quimica-2a-edicion>



Grao en Enxeñaría Química



www.usc.gal

Enxeñaría Química

A Enxeñaría Química consiste no deseño, operación e optimización dos procesos industriais que producen cambios físicos, químicos e/ou bioquímicos na materia para obter produtos de alto valor engadido de maneira económica e respectuosa co medio. O grao en Enxeñaría Química forma profesionais que aplican coñecementos de matemáticas, química e outras ciencias básicas no desenvolvemento de procesos e produtos da industria química principalmente pero tamén do medioambiente, enerxía, farmacéutica, alimentaria e biotecnolóxica. O título habilita para exercer a profesión de Enxeñeiro/a Técnico Industrial.



Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, 15782
Santiago de Compostela
etse.secredireccion@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info [www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/
grao-enxenaria-quimica-2a-edicion](http://www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-quimica-2a-edicion)

Presentación

Interuniversitario: Non
Duración: 4 cursos
Número de prazas: 60
Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos distribuídos en 60 de formación básica, 166,5 de materias obrigatorias e 13,5 créditos optativos.

A 2ª edición do plan de estudos (implantada no curso 2024/25) inclúe unha materia obrigatoria de Prácticas Externas (6 ECTS) así como unha materia obrigatoria de Aula Profesional (6 ECTS) cunha rica e dinámica oferta de cursos, seminarios e talleres.

Mobidade

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

A mobilidade realízase a partir do terceiro curso, en períodos cuatrimestrais ou anuais.

Aspectos máis destacados

- Profesorado de 15 departamentos da USC no seu corpo docente, sendo 2/3 dos créditos impartidos polo departamento de Enxeñaría Química.
- Forte estrutura de coordinación interna (coordinación de título, coordinación de curso e coordinación de prácticas externas) e externa (comité consultivo externo).

• Recoñecemento externo:

- Por 17ª vez consecutiva (maio 2024) entre as 5 mellores de España (ranking 50 carreiras de El Mundo).
- Acreditado (xunto co Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos) pola Institution of Chemical Engineers (IChemE).
- Acreditado no eido da seguridade e saúde no traballo pola ISO 45001
- Opción de docencia en inglés a partir do 2º curso
- Plan de visitas técnicas ao longo dos 4 cursos
- Foro de empresas anual para a interacción directa entre o estudiantado e as empresas da contorna.
- Laboratorios de prácticas ben dotados, con instalacións a escala de Planta Piloto
- A ETSE está situada ao carón do casco urbano da cidade de Santiago de Compostela, nun entorno agradable e verde.

